

ASUNTO: ANO 2016. INFORME ORDINARIO ANUAL DE QUEIXAS E RECLAMACIÓNS.

Ao abeiro do establecido no artigo 172 do Regulamento Orgánico do Pleno e das súas Comisións do Concello de Pontevedra (Texto Refundido con modificacións publicadas no BOP núm. 208, de 27 de outubro de 2008, BOP núm. 47, de 10 de marzo de 2009 e BOP núm. 91, de 12 de maio de 2011), emítese o seguinte INFORME:

1. RELACIÓN DE QUEIXAS TRAMITADAS NA OFICINA DE INFORMACIÓN E ATENCIÓN AO CIDADÁN.

Núm.	EXPTE.	SERVIZOS	TRÁMITES	SOLUCIÓNS
1	2016/SUXRECLA/000001 Queixa pola inexistencia de alumeado de nadal na rúa S. Román desta cidade.	Cultura Promoción Económica	Exp. Iniciado 8/01/16 Información á Interesada 12/01/16 Requirimento de Informe a Cultura E Promoción Económica 13/01/16 Finalizado 05/07/2016	Dita queixa foi recibida nesta oficina por outro medio a maiores, consistente no envío de mensaxe ao correo electrónico contacto@pontevedra.gal e informouse á interesada por este mesmo medio, de que é a Asociación de Comerciantes da Zona Monumental quen realiza a instalación do alumeado do Nadal nesa rúa.
2	2016/SUXRECLA/000002 Queixa pola colocación de pancarta no balcón do concello e solicitude da súa retirada.	Alcaldía	Exp. Iniciado 2/02/16 Comunicación 16/03/16 Finalizado 21/03/2016	Remíteselle carta certificada á parte interesada informando das circunstancias da colocación da pancarta e a normativa vixente de ocupación de espazos públicos.
3	2016/SUXRECLA/000003 Queixa por actuación policial na rúa Fernández Ladreda e Praza de Campolongo o 18 febreiro.	Policia Local	Exp. Iniciado 19/02/16 Derivación ao servizo 11/03/16 Comunicación 17/03/16 Informe 1/03/16 Finalizado 26/03/16	Infórmase ao interesado da remisión á Xefatura da Policía Local. A Xefatura informa das circunstancias dos feitos e protocolo de actuación nos controis do uso obrigatorio do cinto de seguridade no interior dos vehículos.
4	2016/SUXRECLA/000004 Queixa por actuación da Policía Local en relación coa perda dun can.	Policia Local	Exp. Iniciado 26/12/15 Comunicación ao servizo 11/03/16 Comunicación 17/03/16 Informe 26/03/16 Finalizado 22/03/2016	Infórmase ao interesado da remisión á Xefatura da Policía Local. A Xefatura informa das circunstancias dos feitos e aporta horario e contido das chamadas recibidas na xefatura e motivo da denuncia ao interesado como posuidor do animal, por carecer de dispositivo de identificación obrigatorio.
5	2016/SUXRECLA/000005 Reclamación en relación cun chanzo na rúa Michelena, 13	Disciplina Urbanística O.T. Arquitectura	Exp. Iniciado 5/03/15 Requirimento de Informe ao servizo o 11/03/16. Informe 14/03/16 Finalizado 05/07/2016	A xefatura da OTDU informa que a rampla de acceso á oficina bancaria cumpre a normativa de accesibilidade, a falta de comprobación do máximo de 12 cm. de altura do lateral.
6	2016/SUXRECLA/000006 Queixa pola instalación do mercado ambulante de Estribela diante de entrada de carruaxes.	Mercados	Iniciación 30/03/16 Información 31/03/16 e Recepción 6/04/16 Informe 5/04/16 Comunicación enviada o 15/04/16 Finalizado 27/04/2016	Comunícase que todos os servizos de entrada de carruaxes da rúa Senén Sobral están garantidos, teñen acceso pola Avda. Montero Ríos agás o da interesada que carece de vado permanente polo que non existe dereito de vado que garantir, feito que motivou a colocación dun pivote.
7	2016/SUXRECLA/000007 / Asoc. 2015/SUXRECLA/000025 Solicita humanización do barrio de San Mauro e permuta de parcela a Funespaña.	Concellaría de Accesibilidade e e concelleiro delegado da parroquia	Iniciación 28/04/16 Resolución 16/06/16 Finalización 1/07/16 Arquivo 5/07/16	Comunícase o estudo das propostas de humanización do barrio e os informes do anterior e a actual tenente de alcalde delegada de Urbanismo que foron remitidos á valedora do pobo en relación coas queixas sobre licenzas de crematorios.
8	2016/SUXRECLA/000008 Suxestión para que se facilite aos pensionistas unha tarxeta acreditativa de tal condición para uso habitual.	Concellaría de Benestar	Iniciación 28/04/16 Comunicación 13/05/16 . Arquivo 25/05/16	Comunícase que a utilidade que tería a tarxeta municipal no noso Concello sería simplemente testemuñal, xa que o transporte público da Área Metropolitana de Pontevedra é competencia da Xunta. E que o certificado da resolución do INSS da condición PLENA de

				pensionista.
9	2016/SUXRECLA/000009 Suxestión para rendemento de homenaxe póstuma institucional a Francisco Reiriz Lago.	Concellaría de Patrimonio Histórico	Iniciación 28/04/16 Información enviada o 13/05/16. Recibida o 23/05/16 Arquivo 23/05/16	Informouse da data de realización dun homenaxe na Illa de Arousa, sen perxuízo da realización doutro neste Concello.
10	2016/SUXRECLA/000010 Suxestión para adopción de medidas en relación a comportamento de donos de cans e instalación de pivotes en zona peonalizada da rúa Loureiro Crespo.	Concellaría de Sanidade Animal. M.A. Natural OTMAIES	Iniciación 13/05/16 Información 20/05/2016 Comunicación 13/05/16. Arquivo 13/06/16	Remitiuse a OTMAIES a solicitude da instalación de pivotes. Achégase o informe emitido pola técnica de Medio Ambiente Natural do Concello, na que se da cumprida conta da actuación municipal en materia de xestión dos animais domésticos e de educación ambiental e xúntase bando de obrigas dos posuidores da animais domésticos.
11	2016/SUXRECLA/000011 Suxestión de oposición ante a posibilidade da instalación dun estacionamento de auto caravanas na zona de Valdecorvos e solicitude de instalación de colectores de lixo na zona.	Concellaría de Turismo. OTMAIES	Iniciación 23/05/16 Resolución 24/05/16 Finalización 31/05/16 Arquivo 2/06/16	Remítase a solicitude de instalación de colectores de lixo á OTMAIES como servizo responsable da súa tramitación. Remítase información da concelleira responsable da área de Promoción Económica, Emprego e Turismo, relativa á defensa da implantación nos terreos de "Tafisa" polo Goberno Local, do amentado estacionamento.
12	2016/SUXRECLA/000013 Reclamación pola información facilitada aos cidadáns pola xefatura da policía local en relación á circulación de bicicletas.	Concellaría de mobilidade.	Iniciación 8/6/16. Comunicación 9/6/16. Arquivo 20/06/16	Remítase información do concelleiro responsable da área de Mobilidade con respecto á circulación de bicicletas polas beirarrúas que débese corrixir con información e sancións, sen prexuízo de regulación da posibilidade de circular en bicicleta por beirarrúas que teñan determinadas características, como se establece no borrador do Código de circulación pendente de aprobación.
13	2016/SUXRECLA/000014 Reclamación polo estado de abandono da rúa Cruz Vermella e arredores.	Concellaría responsable de espazos públicos, iluminación e vías urbanas	Iniciación 8/6/16 Resolución 7/09/16 Comunicación enviada 3/10/16 Finalizado 03/10/2016	Comunícase intervención do concelleiro no pleno do 18/07/16, manifestando a necesaria mellora de esta rúa, pero tense que acordar a través do orzamento e da comisión municipal correspondente. En todo caso, comprométese a corrixir deficiencias mediante os plans de arranxo e mantemento das rúas
14	2016/SUXRECLA/000015 Reclamación pola ausencia de prazas de aparcamento para persoas con discapacidade nos centros escolares.	Concellaría de Educación. OTMAIES	Iniciación 8/06/16 Información ao interesado 14/06/16	<u>En trámite.</u> Pendente de informe do enxeñeiro xefe da OTMAIES.
15	2016/SUXRECLA/000017 Queixa por falta de iluminación no edificio do concello con motivo da celebración do "Día Nacional das Linguas de Signos".	Benestar Social. Alcaldía.	Iniciación 23/06/16 Resolución 6/07/16 Finalización 17/07/16 Arquivo 18/07/16	Comunícase que tras manter xestións telefónicas coa Asociación, non xurdiu discrepancia algunha e atendéronse todas as súas peticións con dilixencia, polo que a reclamación causou sorpresa.
16	2016/SUXRECLA/000018 Reclamación por imposibilidade de aboamento de recibo en período executivo.	Recadación Executiva e Multas	Iniciación 12/07/16 Información 12/07/16 Comunicación 7/09/16 Finalizado 21/09/2016	Remítenselle informes do Servizo de Recadación Executiva e Multas e da Dirección da oficina de ABANCA.
17	2016/SUXRECLA/000020 Suxestión en relación con uso de zona axardinada na rúa Xoaquín Costa.	Medio Ambiente Natural. Concellaría de M. A. Urbano	Iniciación 8/09/16 Comunicación 8/09/16 Finalizado 30/09/2016	<u>En trámite.</u> Achégase informe emitido pola técnica de Medio Ambiente Natural do Concello, na que se da cumprida conta da actuación municipal en materia de xestión dos animais domésticos e de educación ambiental.
18	2016/SUXRECLA/000021 Suxestión en relación con estado da continuación da pasarela ata a estación de RENFE na rúa Xoaquín Costa.	Concellaría de Mobilidade.	Iniciación 9/09/16 Información 16/09/16 Comunicación 6/10/2016 Finalizado 26/10/2016	Comunícase que o Concello xa dispón da distribución de espazos da nova cuberta do tren na rúa Doce de novembro que ten unha superficie de 5.000 metros cadrados e que foi recentemente cedida por parte de Adif ao Concello por 75 anos. Con esta urbanización preténdese complementar os equipamentos que xa hai na vella pasarela do tren, que dispón dun xogo infantil; resolver o tránsito peonil e ciclista; e conectar a nova praza coa praza de Santa Teresa de Jesús Jornet, a través dunha rampla.
19	2016/SUXRECLA/000023 Expte. Pai 2015/SUXRECLA/000010 Queixa por maleza existente no predio lindeiro co edificio con acceso desde a rúa de nova apertura nos antigos terreos de Tafisa	Disciplina Urbanística Parques e Xardíns	Iniciación 27/09/2016 Informe 25/08/2016 Comunicación 27/09/2016 Finalización 6/10/2016	Dáse conta da limpeza da finca, unha vez aclarada a situación da parcela; poñendo de manifesto que polas limitacións existentes en canto ao inventario municipal deste tipo de predios, que se manifestou cunha indicación errónea dentro do expediente.
20	2016/SUXRECLA/000024 Suxestión para humanización da	Concellaría de	Iniciación 5/10/2016	Comunícase que o plan de obras elaborado polo Concello prevé estender a peonalización a Benito Corbal

	rúa Benito Corbal desta cidade	Accesibilidade e M.A. Urbano	Información 7/10/2016 Comunicación 27/12/2016 Finalización 11/10/2016	e unha vez realizadas as obras, procederase a súa decoración e ornamentación urbana, na que se terá en conta a súa suxestión e outras que consideren os veciños e as veciñas.
21	2016/SUXRECLA/000025 Suxestión para a instalación de sinais acústicas e luminosas nas entradas de carruaxes nas beirarrúas	Policía Local	Iniciación 7/10/2016 Informe 3/11/2016 Comunicación 04/11/2016 Devolta e volta a enviar o 10/01/2016	Comunícase que os condutores teñen a obriga de adoptar as previsións establecidas no Regulamento xeral de circulación, Art. 72 <i>Obligacións de los condutores que se incorporen a la circulación</i> . A normativa non contén outras previsións sobre o particular e a colocación das citadas advertencias acústicas ou luminosas non é preceptiva segundo a mesma, si ben son xa moitos os garaxes que as instalan e a ben seguro o fan para cumprir con normas sectoriais
22	2016/SUXRECLA/000026 Suxestión para a consideración de compra de radar de control de velocidade	Policía Local	Iniciación 24/10/2016 Informe 4/11/2016 Comunicación	Comunícaselle que a xefatura informa que en determinadas vías constátase exceso de velocidade polo que, por parte desa Xefatura estase a tramitar a adquisición do radar.
23	2016/SUXRECLA/000027 Suxire instalación de neveira solidaria e forno para quentar alimentos así como modificación dos horarios de retirada de residuos e recepción do fillo de Valentín pazos para colocación de monumento ao castiñeiro de Pontevedra	Benestar Medio Ambiente Patrimonio	Iniciación 27/10/2016 Información 12/12/2016 Comunicación 26/12/2016 Finalización 30/12/2016	Comunícase que a intervención debe ser integral, que por outra banda non se poden garantir as condicións sanitarias. O Concello dispón dunhas prestacións económicas de pagamento único, de carácter extraordinario e finalista, destinadas a aquelas persoas ou unidades familiares que precisen de apoios para a cobertura de necesidades básicas ante situacións puntuais e sobrevidas de emerxencia social. A solicitude de entrevista debe facela o interesado ou representante.
24	2016/SUXRECLA/000028 Suxestión para que se faga un estudo sobre a dotación de mais puntos de luz nas Marismas de Alba e na Illa das Esculturas	Medio Ambiente Urbano	Iniciación 10/10/2016 Información 12/12/2016 Comunicación 27/12/2016	Comunícanse que constaouse falta de iluminación nas anteditas zonas, producida polos constantes roubos de cableado que sufriron. O entorno natural e protexido debe ser iluminado dacordo a súa natureza, con balizas e farois específicos
25	2016/SUXRECLA/000029 Queixa en relación con mala sinalización da Praza de Barcelos e velocidade de vehículos na zona	Mobilidade	Iniciación 16/11/2016 Información 13/12/2016	Pendente de informe da Policía Local
26	2016/SUXRECLA/000030 Queixa por trato recibido pola policía local e por mala sinalización de obras	Policía Local	Iniciación 16/11/2016 Información 12/12/2016	Pendente de informe da Policía Local
27	2016/SUXRECLA/000031 Suxestión para instalación de randeireira de relaxación	Mobilidade, accesibilidade e parques.	Iniciación 16/11/2016 Comunicación 16/12/2016 Finalización 3/01/2017	Comunícanse que as liñas de traballo van no camiño de buscar a integración das persoas con discapacidade nos espazos públicos, tamén nos espazos e áreas de lecer. Permite instalar eses xogos adaptados que son necesarios neste parque e noutros parques da cidade onde xa se foron instalando en anos pasados.
28	2016/SUXRECLA/000032 Suxestión considerando inoportuna a solta de aves no estanque das Palmeiras	M.A.Urbano	Iniciación 23/11/2016 Comunicación 27/12/2016	Comunícanse que se terá en conta tanto as súas aportacións en relación co benestar animal e a prevención das problemáticas que poideran xurdir do contacto destes animais coas persoas e con outros animais, así como as achegas formuladas por outros colectivos e veciños das que tivemos coñecemento
29	2016/SUXRECLA/000033 Queixa por non recibir documentación solicitada en relación a obras na rúa cruceiro 17- baixo e solicitude de tramitación de expte. denuncia por infracción urbanística	Urbanismo Disciplina Urbanística	Iniciación 23/11/2016 Informe 30/12/2016 Comunicación 30/12/2016	Infórmase que en data 7/11/16 se lle requiriu para que concretase os documentos dos que instaba a copia e achegase o xustificante do ingreso da taxa pola expedición das fotocopias dos documentos administrativos que solicitase. E que mellorase a súa instancia mediante a achega da documentación acreditativa da representación ostentada. E que o Servizo de Disciplina Urbanística iniciou procedemento administrativo no asunto, seguindo os trámites nos prazos establecidos pola lei.

2. RELACIÓN DE QUEIXAS NON ADMITIDAS A TRÁMITE NA OFICINA DE INFORMACIÓN E ATENCIÓN AO CIDADÁN.

1	2016/SUXRECLA/000019 Reclamación por sanción		Información 14/07/2016	Non procede a admisión a trámite da solicitude, por ter a consideración de recurso administrativo contra actos
----------	--	--	---------------------------	--

	de tráfico			municipais, non de reclamación; segundo o disposto polo art. 162 do Regulamento Orgánico do Pleno e das súas Comisións do concello de Pontevedra.
2	2016/SUXRECLA/000022 Reclamación en relación con condicións da exención do IVTM		Información 19/09/2016	Non proceder a admisión a trámite da solicitude, por ter a consideración de solicitude, na que se pretende o recoñecemento dun particular e concreto dereito, non de reclamación; segundo o disposto polo art. 162 do Regulamento Orgánico do Pleno e das súas Comisións do concello de Pontevedra.

3. RELACIÓN DE QUEIXAS TRAMITADAS NOUTROS SERVIZOS OBXECTO DE SEGUIMENTO POLA OFICINA DE INFORMACIÓN E ATENCIÓN AO CIDADÁN.

Núm.	Núm. rexistro / Asunto	Servizo/s	Data	Solución
1	2016000075 Queixa por entrada de auga en garaxe na Avda. Vigo 62 debida a beirarrúa mais elevada e solicita a súa revisión.	OTMAIES	04/01/16	Xirouse visita de inspección.
2	2016000895 Formula queixa por afundimento de beirarrúa en entrada edificio na rúa da Moa 3 e solicita o seu arranxo.	OTMAIES	13/01/16	Tramitada. O arranxo foi efectuado pola empresa EC Casas.
3	2016000901 Formula queixa por estacionamento vehículos en bado do edificio rúa Peregrina 54 e solicita sinalización.	OTMAIES	13/01/16	Tramitada. A brigada de obras do concello rebaixou unha pedra do chan que facilita o acceso.
4	2016001315 Reitera novamente solicitude informe relativo a queixas ou danos causados nos variante da po-546 entre o Regueiriño e a Po-11 clave n/po/91.10.3	OTMAIES	12/01/16	Tramitada. A estrada non é de titularidade municipal. Aínda así reparáronse varias vías.
5	2016001564 Reitera queixa por non recollida augas no lugar de Cernadas – Casaldourado.	OTMAIES	18/01/16	Tramitada. Fixéronse as obras pertinentes.
6	2016001620 Formula queixa por invasión liña amarela por vehículos aparcados na Avda. Lugo 1	OTMAIES	18/01/16	Tramitada. Remitida á xefatura da policía local.
7	2016001620 queixa por invasión liña amarela por vehículos aparcados na Avda. Lugo 1 e solicita instalación bolardos.	OTMAIES	18/01/16	Tramitada. Remitida á xefatura da policía local.
8	2016002504 Solicita limpeza de beirarrúas na rúa carqueixa.	OTMAIES	26/01/16	Procedeuse á roza da maleza e limpeza solicitada nas beirarrúas da rúa carqueixa.
9	2016004570 Queixa por entrada de auga en sotos de inmobile da rúa Tristán Montenegro 3 e solicita nova revisión.	OTMAIES	08/02/16	Xirouse visita de inspección.
10	2016005872 Queixa por estado abandono rúa Manuel Cuña Novas e solicita a súa limpeza, control e humanización.	OTMAIES	19/02/16	Tramitada. Efectuouse o arranxo de beirarrúa e os alcorques e procedeuse a súa limpeza.
11	2016006747 Queixa por existencia de cans soltos no lugar de Banqueira 8-Campañó e solicita adopción de medidas	OTMAIES	26/02/16	Remitiuse expediente ao servizo de Medio Ambiente Natural. Atópase en trámite nese servizo.
12	2016006886 Queixa por mal funcionamento de canalización sumidoiro na rúa Cordón e solicita adopción de medidas.	OTMAIES	29/02/16	En trámite. Pendente de asfaltar.

13	2016007548 Queixa por dificultade incorporación vehículos a Avda. Bos Aires por crecemento de arbustos na rúa Xulio Camba e solicita a súa poda.	OTMAIES	02/03/16	Os servizos de limpeza procederon á poda de arbustos solicitada na rúa Xulio Camba.
14	2016007923 Queixa por afundimento na rúa Lavandeiras e solicita a súa reparación.	OTMAIES	04/03/16	En trámite. Pendente de asfaltar.
15	2016008111 Queixa por existencia de tubos de cemento no lugar de Bordel con perigo de desprendemento a camiño público e solicita a súa retirada.	OTMAIES	07/03/16	Trasladouse á empresa EC Casas que vai proceder á retirada coincidindo co comezo das obras no lugar.
16	2016008411 Queixa por plantación árbores en fachada do edificio Loureiro Crespo 7 e solicita a súa retirada.	OTMAIES	08/03/16	Remitiuse á xefatura Servizo de arquitectura, responsable das obras da praza do Hospital Provincial.
17 a 40	De 2016008486 ata 2016008511 Queixas por remodelación rúa San Roque de Abaixo e solicitan que siga a zona como está.	OTMAIES Concellaría de Educación.	09/03/16	Fíxose unha pequena reparación de pintado de urxencia das liñas nunha vivenda. Os reclamantes son traballadores da escola infantil "O Toxo". Xa tiveron unha reunión e vaise convocar outra. Explicóuselles que non se poden manter tódolos aparcadoiros diante do centro.
41	2016009500 Queixa por non existencia de reixas en arquetas recollida augas pluviais na rúa Porrelo e solicita a súa colocación	OTMAIES	15/03/16	Tramitada. Limpiáronse todas as canalizacións e arquetas.
42	2016010570 Formula queixa por mal estado de beirarrúa na Avda. Vigo 100 e solicita o seu arranxo.	OTMAIES	23/03/16	As obras de conservación de diversas rúas da cidade xa están adjudicadas. En breve procederase á reparación e substitución de lousas na Avda. De Vigo.
43	2016010407 Formula queixa por mal estado de beirarrúa na Avda. Vigo 100 e solicita o seu arranxo.	OTMAIES	22/03/16	As obras de conservación de diversas rúas da cidade xa están adjudicadas. En breve procederase á reparación e substitución de lousas na Avda. De Vigo.
44	2016010093 Formula queixa por terreo en mal estado de conservación en Lg. Arco 7.	Gabinete da Alcaldía	18/03/16	Ao tratarse dunha propiedade particular, remitiuse a denuncia ao servizo de disciplina urbanística.
45	2016000782 Queixa por trato recibido por axentes da policía local o día 05/01/16 no Garaxe Plaza.	Policía Local IGC	Entrada 12/01/16 Información 14/04/16	Trátase dun tema que ten aberto un expediente no Instituto Galego de Consumo a raíz da remisión dunha denuncia de axentes. Xa que logo, no que respecta á queixa, nada se fixo ao respecto.
46	2016002505 Queixa polo tráfico na rúa Arcebispo Malvar.	Policía Local	Entrada 26/01/16 Información 14/04/16	Un oficial do Corpo entrevistouse persoalmente cunha responsable da escola infantil. Acordaron accións para mellorar o tráfico peonil e de vehículos na zona.
47	2016002631 Queixa pola circulación de bicicletas, monopatíns etc. polas beirarrúas e solicita unha solución.	Policía Local Concellaría de Mobilidade	Entrada 27/01/16 Información 14/04/16	Este escrito, outro máis, mais outro que recibimos por correo postal todos da mesma persoa, remitíronse ao Concelleiro de accesibilidade xunto a un informe elaborado pola xefatura.
48	2016006537 Queixa por imposibilidade de paso de camións de subministro na rúa Doutor Fleming e solicita pintado de liña amarela para prohibición aparcamento vehículos.	Policía Local OTMAIES	Entrada 25/02/16 Información 14/04/16	Este escrito máis un informe da oficina de mobilidade, remitíronse aos servizos técnicos do Concello. Á reclamante envióuselle unha carta explicando este trámite.
49	2016007549 Queixa por perda tempo en descarga de vehículos na rúa Serra e solicita retirada sinal de dirección prohibida na rúa Hermida.	Policía Local OTMAIES	Entrada 2/03/16 Información 14/04/16	Remitiuse aos servizos técnicos un informe da oficina de mobilidade unido ao escrito de queixa.
50	2016008938 Reitera queixa por circulación de ciclistas e outros vehículos polas beirarrúas e solicita unha resposta.	Policía Local Concellaría de Mobilidade	Entrada 10/03/16 Información 14/04/16	Remitiuse á Concellaría de Mobilidade, que enviou carta do concelleiro responsable informando da previsión de campañas informativas e de sensibilización do respecto das normas, así como sancións por circular pola beirarrúa, sen prexuízo de regularen esta posibilidade de

				acordo co borrador do Código de Circulación pendente de aprobación.
51	2016009554 Solicita información relativa a regulación de circulación de bicicletas pola cidade e formula queixa pola presunta información facilitada pola policía local.	Policía Local Concellaría de Mobilidade	Entrada 15/03/16 Información 14/04/16	Remitiuse á Concellaría de Mobilidade, que enviou carta do concelleiro responsable informando da previsión de campañas informativas e de sensibilización do respecto das normas, así como sancións por circular pola beirarrúa, sen prexuízo de regularen esta posibilidade de acordo co borrador do Código de Circulación pendente de aprobación.
52	2016010203 Formula queixa por corte da rúa Don Gonzalo en días importantes de vendas e solicita modificación días corte.	Policía Local	21/03/16	Tramitada. Foi por causa de realización de obras que contan coa preceptiva licenza municipal.
53	2016000883 Queixa por persoa que mendiga e cobra subsidio e solicita adopción medidas cautelares.	Benestar Social. S. Sociais	13/01/16	Atendendo ao tenor dos seus escritos detectase polo servizo un problema sanitario que se pon en coñecemento da entidade a que pertence (ONCE), quen xa advertira comportamentos irregulares. Estase en contacto permanente coa ONCE en relación a este usuario.
54	2016002730 Formula queixa por indixente que durme no portal e solicita adopción de medidas.	Benestar Social. S. Sociais	27/01/2016	A persoa a quen se dirixe a queixa é un usuario dos servizos sociais con historia social aberta. O concello ofreceulle en varias ocasións diferentes recursos e está en contacto coa súa familia. O usuario non ten vontade de cambiar de vida. Se traslada ao reclamante, mediante chamada telefónica, esta información e se lle indica que, na medida en que se atopa nun espazo público, este servizo non pode adoptar outras medidas. Se lle informa da posibilidade de que o "inviten" a abandonar o portal ou, de ser o caso, que o poñan en coñecemento da policía local para o seu desaloxo.
53	2016003086 Queixa por persoa que mendiga e cobra subsidio e solicita adopción medidas cautelares.	Benestar Social. S. Sociais	29/01/16	Atendendo ao tenor dos seus escritos detectase polo servizo un problema sanitario que se pon en coñecemento da entidade a que pertence (ONCE), quen xa advertira comportamentos irregulares. Estase en contacto permanente coa ONCE en relación a este usuario.
54	2016005578 Queixa por persoa que mendiga e cobra subsidio e solicita adopción medidas cautelares.	Benestar Social. S. Sociais	17/02/16	Atendendo ao tenor dos seus escritos detectase polo servizo un problema sanitario que se pon en coñecemento da entidade a que pertence (ONCE), quen xa advertira comportamentos irregulares. Estase en contacto permanente coa ONCE en relación a este usuario.
55	2016006561 Queixa por estado de abandono de zona de xogos do Ceip Xunqueira 1 e solicita o seu saneamento.	Benestar Social. Educación	25/02/16	Déuselle traslado a concelleira da súa reclamación, se está a a espera de dilucidar coa Xunta de Galicia a quen corresponde o arranxo solicitado pois o que solicitan e pavimentar a zona, o que non se considera por este concello como mantemento. Estase a preparar un prego para obras de mantemento dos centros escolares onde se recolleran expresamente o tipo de obras que acometerá o concello en concepto de mantemento.
56	2016000571 Queixa por filtracións auga nos sotos do garaxe debido a obras pavimentación rúa e solicita adopción de medidas.	Contratación	11/01/16	Remitiuse á dirección de obra da empresa que realizou a pavimentación da rúa para o seu informe.
57	2016009324 Queixa por árbores próximos ao edificio Victor Cervera Mercadillo N° 2 e solicita adopción de medidas.	Contratación	14/03/16	Remitiuse á dirección de obra da empresa para o seu informe.
58	Formula queixa por plantación de árbores cerca do edificio en praza publica na confluencia da rúa Cobián Areal, Xose Millán e Loureiro Crespo e solicita a súa substitución.	Contratación	17/03/16	Remitiuse á dirección de obra da empresa para remisión de informe.
59	2016000184 Reitera queixa por emisións gases por actividade na rúa Costado 13 e solicita adopción de medidas.	Disciplina Urbanística	05/01/16	Remitiuse o informe no seu día emitido (2012) no que non figuraba domicilio a efectos de notificación. O local conta con licenza, o asunto dos gases xa o expuxera na tramitación da licenza e conta coa distancia regulamentaria, mesmo conta con informe favorable da Consellería de Medio Ambiente.
60	2016000740	Disciplina	12/01/16	Abriuse Orde de Execución 07/2016, e remitiuse dende o

	Queixa por edificio lindeiro en mal estado e solicita adopción de medidas en Cesar Boente, 21	Urbanística		servizo de Disciplina á OTAP o 13/01/16 para realización de inspección e emisión de informe.
61	2016000875 Queixa por existencia de maleza en finca sita na Avda. Josefina Arruti e solicita a súa limpeza.	Disciplina Urbanística	13/01/16	Abriuse expediente DMA 014/16 e remitiuse á técnico de medio ambiente para informe o 19/02/16 .
62	2016000894 Reitera queixa por estado abandono solar lindeiro Conde de Bugallal e solicita adopción medidas.	Disciplina Urbanística	13/01/16	DMA 164/2013, remitiuse ao servizo de parques e xardíns para limpeza ao tratarse dunha propiedade municipal. Polo tanto non é un asunto de Disciplina Urbanística.
63	2016001576 Queixa por colocación de poste electricidade na saída da vivenda e colocación de cable por finca particular no lugar de Gatormoto 32- Sta. María de Xeve e solicita a súa retirada.	Disciplina Urbanística	18/01/16	Ábrese expediente DU 005/16 e remítese a OTLI que xira visita de comprobación de obras e arquívase o expediente segundo informe favorable emitido, no que claramente o problema reviste índole civil, e o poste de fluído eléctrico resulta legalizable (se cadra mesmo xa conta con licenza). Finalmente o inspector pasa polo lugar e informa que o poste non foi instalado (18/03/2016), vaise dar traslado á denunciante.
64	2016001591 Queixa por asentamento ilegal no aparcadoiro do recinto feiral e solicita adopción de medidas con motivo celebración feira oportunidades Stock Pontevedra o 29 e seguintes de xaneiro.	Disciplina Urbanística	18/01/16	Este escrito foi remitido á Policía Local, no seu día xa se lle comunicou ao Rexistro de Entrada que este Servizo non era competente, posto que se trata de vehículos dentro dunha zona de estacionamento para os mesmos (caravanas e autocaravanas), e aínda dende o punto de vista da ocupación de vía pública, a facultade deste Servizo soamente se limita á concesión das autorizacións, non á defensa e protección do mesmo.
65	2016002080 Comunica limpeza de finca en relación a expte. DMA 110/15 e formula queixa por existencia de maleza en finca lindeira.	Disciplina Urbanística	21/01/16	DMA 110/15, o solicitante foi un dos denunciados que cumpriu a orde de limpeza e comunica que hai máis fincas con maleza, estanse a tramitar con publicación no BOE, xa que no se puido localizar á propiedade para orde de execución.
66	2016002369 Queixa por instalación bomba trituradora no Parking Veteris e solicita adopción de medidas.	Disciplina Urbanística	25/01/16	Pasou inspección o enxeñeiro industrial, a bomba está igual que no proxecto, de forma puntual a empresa dixo que un día sobordou e deitou, agora xa revisan periódicamente para evitar atascos, xa se lle comunicou ao denunciante.
67	2016002833 Queixa por rúidos de local sito na rúa Fernández Ladreda denominado "Dulce de Leche" e solicita adopción de medidas.	Disciplina Urbanística	28/01/16	En trámite, resulta imposible concluír un expediente destas características neste período de tempo.
68	2016004107 Queixa por existencia de vehículo en estado de abandono na rúa A Barca.	Disciplina Urbanística	05/02/16	O vehículo é antigo e dun cidadán estranxeiro, que reside nas Corbaceiras, conta con seguro obrigatorio en vigor.
69	2016004479 Queixa contra local sito na rúa San Román 19-baixo por carecer de licenza municipal.	Disciplina Urbanística	08/02/16	Verificouse que o local non contaba con licenza, identificouse a titular, e remitiuse tramite de audiencia previo a orde de peche de local.
70	2016004816 Queixa por actividade musical en local sito na rúa dos Soportais esquina rúa San Sebastián e solicita adopción de medidas.	Disciplina Urbanística	09/02/16	DMA 8/16, tras a denuncia dilixenciouse á Policía Local para verificación, precintáronse os aparellos musicais, dítoose orde de cese de actividade musical e incoouse expediente sancionador.
71	2016005252 Reitera queixa por colocación de postes no lugar de Codesal 67-Tomeza con perigo de accidente por pouca visibilidade e solicita a súa retirada.	Disciplina Urbanística	15/02/16	Abriuse expediente e remitiuse a OTLI, xa conta con informe de inspección e arquitecto técnico, as obras son legalizables.
72	2016008179 Queixa por invasión de auga en terreo da súa propiedade.	Disciplina Urbanística	07/03/16	Contestóuselle indicándolle que o desvío de augas cara a súa parcela é un asunto civil debendo acudir aos Xulgados desa orde.
73	2016008417 Queixa por terreo en mal estado de conservación.	Disciplina Urbanística	08/03/16	É no termino municipal de Poio, así informou o topógrafo municipal, e devolveuse escrito á Xunta. Ela insiste en que a parcela é de Pontevedra. Non podemos facer nada.
74	2016008480 Queixa por escombro en camiño publico no lugar de A Igrexa-Salcedo e solicita a súa retirada.	Disciplina Urbanística	09/03/16	Orde 028/2016, remitiuse o 10/03/2016 a OTAP para informe pola caída do muro, infórmase a AMAPO, para deixar o camiño libre.

75	2016008592 Queixa en relación con próxima apertura de local destinado a lavandería e autoservizo en Paseo Colón 24	Disciplina Urbanística	09/03/16	O local conta con comunicación previa (o problema das comunicacións previas é que van sen condicións, e por tanto, os problemas como pode ser ruídos aparecen despois, e obriga a verificalos, polo que se remitiu a OTLI para informe do enxeñeiro industrial.
76	2016009146 Queixa por tala de árbores no lugar de Matalobos - Salcedo xunto a xacemento arqueolóxico e deterioro de camiños e solicita inspección.	Disciplina Urbanística	11/03/16	Abriuse expediente, fíxose a inspección, decreto de suspensión de obras recibido o 21/03/16, remitiuse á APLU por entender que era da súa competencia e copia á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria por xacemento arqueolóxico, o dano nas estradas non é competencia deste servizo.
77	2016009498 Queixa por existencia de árbores que invaden a calzada na rúa Villaverde e solicita adopción de medidas.	Disciplina Urbanística	15/03/16	En trámite. Está a informe da técnico de medio ambiente, pero debe concretar qué feito denuncia, á mesma parcela dunha construtora.
78	2016009672 Formular queixa por posible altura ilegal de cheminea en inmobile lindeiro a rúa dos Cunchidos 19- Estribela e solicita a súa inspección.	Disciplina Urbanística	16/03/16	17/03/2016 Remítese para informe á OTI. 31/08/16 O interesado presenta escrito dando conta que vai tomar as medidas oportunas para o seu arranxo. Na data 27/10/16 remítese á OTI para inspección.
79	2016010067 Formular queixa por existencia de maleza en fincas lindeiros no lugar de Penedo 84-Filgueira-Santo André De Xeve.	Disciplina Urbanística	18/03/16	Na data 29/03/16 pendente informe OTMAIES. Dma 29/16.
80	2016010056 Formular queixa por caída debido a canlón na Praza España en relación a carpa instalada e solicita adopción de medidas	Disciplina Urbanística	18/03/16	O Servizo de Disciplina Urbanística Informa que se trata dun procedemento civil. O Concello limitouse a autorizar a instalación, sendo responsable o solicitante.
81	2016000766 Queixa por falta persoal na oficina do padrón de habitantes.	Secretaría e Asuntos Xerais	12/01/16	Trátase dunha situación temporal. Un funcionario que se atopaba de baixa e os que se ausentaron nas quendas das vacacións de nadal incorporáronse ao seu posto.
82	2016003414 Queixa relativa a demora na reparación do equipo de quendas instalado na planta baixa do edificio na rúa Michelena 30 e solicita adopción de medidas	Secretaría e Asuntos Xerais	02/02/16	Dáse conta das actuacións que se levaron a cabo e as comunicacións á empresa encargada da reparación. O equipo de quendas está a funcionar con normalidade.
83	2016007945 – 2015014841 – 2015014839 – 2014034817 Queixa por non ter recibido resposta do Concello sobre proxecto de instalación de parque infantil na Avda. Médico Ballina.	Concellarías responsable da Parroquia de Lérez e de Parques e Xardíns.	Entrada 4/03/16	Convocouse xuntanza informativa á que acudiu o interesado e informóuselle que o parque construírse este ano e que a causa da demora foi a cesión dos terreos por parte de ADIF, que terá formalizado en breve.
84	2016011730 Queixa polas instalacións da biblioteca pública.	Cultura	Entrada 1/04/16	Infórmase que as instalacións da biblioteca non son de competencia municipal, pertencen á Xunta de Galicia.
85	3867/2016 PL EXP.S/N Queixa pos danos causados ao Campo da Festa en Sto. André de Xeve por camión de obras.	Concelleira OTMAIES Policía Local	Entrada 28/04/16 Información 3/05/16	Realizadas xestións pola Unidade de Seguridade da Policía Local, localízase o camión ao que se atribúen os danos e o xefe de obra comprométese a arranxalos.
86	2016016523 Formular suxestión relativa a posible cambio de sentido de circulación da rúa Padre Fernández Olmedo.	Policía Local	Entrada 5/05/16	Pendente de informe.
87	4268/2016 PL EXP.4268 Queixa por estacionamento indebido de vehículos na Praza das Regas.	Policía Local	Entrada 11/05/16 Información 20/05/16	Achégase parte efectuado por axentes do Corpo da Policía Local e infórmase a interesada.
88	2016020736 Suxestión para instalación de rampla de acceso adaptada na praia de Praceres.	M.A. Natural Concellería do Rural	Entrada 6/06/16. Informe 30/06/16	Infórmase que este ano os traballos a realizar nas praias xa están todos adjudicados e realizados, pero tómanse constancia para o próximo ano.
89	2016027171 Formular queixa relativa aos requisitos da solicitude da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade.	Benestar social	Entrada 26/07/16	Comúnicase que a valoración e resolución do grado de discapacidade é competencia da Consellería de Sanidade, polo que o Concello non ten competencia para a redución do período de tempo do trámite.

90	2016030693 Formula queixa relativa ao cobro de débedas do servizo de abastecemento de auga aos propietarios de inmobles arrendados.	Xestión Tributaria	Entrada 25/08/16	Infórmase do art. 2 da Ordenanza Municipal. Na que terán a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte, os propietarios dos inmobles, que poderán repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios daqueles, beneficiarios do servizo.
91	2016030693 Formula queixa relativa ao aloxamento de gando equino destinado ás touradas.	Policía Local	Entrada 1/09/16	Pendente de informe.
92	Queixa anónima pola concentración de cans cos seus donos no parque do Mirador, acumulación de cabichas, fumadores e consumo de drogas na zona infantil nos parques de Monteporreiro.	Policía Local	Entrada 7/09/16	A Xefatura da Policía Local comunícalle ao interesado que se deron instrucións para unha vixilancia sobre os feitos que denuncia.
93	Queixa pola utilización de vehículos a motor da praza peonil diante do hospital como zona de paso.	Policía Local	Entrada 8/09/16	A Xefatura da Policía Local informa de que si ben non está a detectar un uso abusivo por parte de vehículos e motos na zona que se menciona, e agradácelle que concretase se hai algunha hora especial, na que considera que hai uso abusivo, para establecer un dispositivo especial de vixilancia con presenza policial.
94	2016035406 Formula queixa relativa ao estado de predio sito na rúa Rosalía de Casto.	Disciplina Urbanística	Entrada 21/09/16	Comunícaselle que o escrito ten a consideración de denuncia, non de reclamación, posto que non consta denuncia previa. Remítase a Disciplina Urbanística.
95	2016047961 Queixa pola perda presión de auga no inmoble sito na rua peregrina 42	AMAPO	20/12/16	En trámite.
96	2016046808 Reitera queixa por malestado de caleixon en zona posterior a rua rosalia de castro 35 e solicita adopción de medidas e informe sobre expte do 2015	AMAPO	12/12/16	En trámite.
97	2016040003 Reitera queixa por incumprimento de horario de peche de local Level Longe no baixo da CCPP e solicita adopción de medidas	Disciplina Urbanística	24/10/16	O Servizo de Disciplina Urbanística informa que a autoridade competente para sancionar polo horario de peche é a Xunta de Galicia. A policía local límitase a fecer as visitas de comprobación e emitir informes.
98	2016039287 Achega queixa por ruidos e malos cheiros procedentes do cafe-bar Rosi no baixo do edificio San Lucas na rua Augusto García Sánchez 15	Disciplina Urbanística	18/10/16	Abriuse expediente (DMA) no Servizo de Disciplina Urbanística e remitiuse para informe á Oficina Técnica de Licenzas e Inspección.
99	2016038649 Solicita informacion sobre problema que motivou a queixa n7q/1084/16 por non existencia de auga na fonte dos Leons-Estribela.	Gabinete da alcaldía	13/10/16	Xirouse visita e comprobouse unha fuga nunha das tuberías, aprobouse orzamento en novembro e as obras comezaron en decembro pola empresa concesionaria.

Pontevedra, 10 de xaneiro de 2017.

O Concelleiro responsable da Área de Persoal, Réxime Interior e Patrimonio,

Vicente Legisima García.

